

CONTRATO DE TRABAJO PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS FIXOS DISCONTINUOS



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
 EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS
 Dirección Xeral de Formación e Colocación

Código de Contrato

Bonificado 3 5 0

Empresa en xeral

Traballador autónomo

Non bonificado 3 0 0

Selo de rexistro do Servicio Público de Empleo

CIF/NIF

DATOS DA EMPRESA

D/Dª	NIF/NIE	En concepto (1)
Nome ou Razón Social da Empresa	Enderezo Social	
Pais 	Concello 	C. Postal

DATOS DA CONTA DE COTIZACIÓN

Régime 	Cód. prov. 	Número 	Dix. control 	Actividade Económica
---	---	---	---	---

DATOS DO CENTRO DE TRABAJO

Pais 	Concello
---	--

DATOS DO/DA TRABALLADOR/A

D/Dª	NIF/NIE	Data de nacemento
Nº afiliación á S.S.	Nivel formativo 	Nacionalidade
Concello do enderezo 	País enderezo 	

Coa asistencia legal, no seu caso, de D/Dª
 N.I.F./N.I.E., en calidade de (2)

DECLARAN

Que reúnen os requisitos esixidos para a celebración do presente contrato e, en consecuencia, acordan formalizalo con arreglo ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira: O/a traballador/a contratado/a prestará os seus servizos como (3)incluído no grupo profesional/categoría/nivel (4) de acordo co sistema de clasificación profesional vixente na empresa. O presente contrato concértase para realizar traballos periódicos de carácter discontinuo consistentes en (5) dentro da actividade cíclica intermitente de (6)
 Que a súa duración será de (6).....

Segunda: A duración estimada da actividade será de (7)os traballadores serán chamados na orde e forma que se determine no Convenio Colectivo de..... A xornada estimada dentro do período de actividade será de horas (8) e a súa distribución horaria será.....

Terceira: Se o convenio colectivo de ámbito sectorial permite nos contratos fixos discontinuos utiliza-la modalidade de tempo parcial, indique se se acolle ó mesmo:
 SI NON
 No caso de resposta afirmativa, especifique se existe ou non pacto de horas complementarias e, no seu caso, achegue o anexo:
 SI NON

Cuarta: A xornada de traballo será (9):

Xornada Completa: a xornada de traballo será de.....

Xornada Parcial: a xornada de traballo ordinaria será deHoras: Ó día Á semana Ó mes Ó ano
 sendo a xornada inferior (marque cun X o que corresponda):

- Á dun traballador a tempo completo comparable.
- Á xornada a tempo completo prevista no Convenio Colectivo de aplicación.
- Á xornada máxima legal.
- Que é deHoras (10)

A distribución do tempo de traballo será

Quinta: O presente contrato concértase por tempo INDEFINIDO, iniciándose a relación laboral con data, establecéndose un período de proba de (11)

Sexta: O/a traballador/a percibirá unha retribución total de euros brutos (12) que se distribúe nos seguintes conceptos salariais (13).....

Sétima: A duración das vacacións anuais será de (14)

Oitava: O presente contrato formalízase baixo a modalidade de contrato de relevo SI NON
No caso afirmativo, cumprimentar o anexo "Contrato de relevo".

Novena: Reúnense os requisitos e condicións establecidos no artigo 47 da Lei 53/2002, de 30 de decembro, a empresa (15) bonificarase nas seguintes cotas empresariais á Seguridade Social por contingencias comúns. Se o empregador é un traballador autónomo e cumpre adicionalmente os requisitos na citada norma, ditas bonificacións incrementaríanse en 5 puntos:(15)

- A) Contratación de mulleres desempregadas entre dezaseis e corenta e cinco anos: 25 por 100 durante o período dos vinte e catro meses seguintes ó inicio da vixencia do contrato.
- B) Contratación de mulleres para prestar servizos en profesións e ocupacións establecidas na Orde Ministerial de 16 de setembro de 1998, inscritas ininterrompidamente na oficina de emprego, por un período mínimo de seis meses, ou ben sexan maiores de corenta e cinco anos: 70 por 100 durante o primeiro ano de vixencia do contrato; 60 por 100 durante o segundo ano de vixencia do mesmo. Se no reuniran algúns dos anteriores requisitos adicionais, a bonificación será do 35 por 100 durante o período dos 24 meses seguintes ó inicio da vixencia do contrato.
- C) Contratacións de desempregados inscritos ininterrompidamente na oficina de emprego durante un período mínimo de 6 meses: 20 por 100 durante o período dos 24 meses seguintes ó inicio da vixencia do contrato.
- D) Contratacións de desempregados maiores de 45 anos e ata os 55: 50 por 100 durante o primeiro ano da vixencia do contrato; 45 por 100 durante o resto da vixencia do mesmo.
- E) Contratacións de desempregados maiores de 55 anos e ata os 65 anos: 55 por 100 durante o primeiro ano de vixencia do contrato; 50 por 100 durante o resto da vixencia do mesmo.
- F) Contratación de perceptores de prestacións ou subsidios por desemprego, ós que lle reste un ano ou máis de percepción no momento da contratación: 50 por 100 durante o primeiro ano de vixencia do contrato; 45 por 100 durante o segundo ano de vixencia do mesmo.
- G) Contratacións de desempregados perceptores do subsidio por desemprego en favor dos traballadores incluídos no Réxime Especial Agrario da Seguridade Social: 90 por 100 durante a vixencia do primeiro ano de contrato; 85 por 100 durante o segundo ano de vixencia do mesmo.
- H) Contratación de desempregados no programa que contempla a axuda específica denominada renta activa de inserción: 65 por 100 durante os 24 meses seguintes ó inicio da vixencia do contrato 45 por 100 durante o resto de vixencia do mesmo no caso de traballadores maiores de 45 anos e ata os 55; o 50 por 100 durante o resto de vixencia do mesmo no caso de traballadores maiores de 55 anos e ata os 65.
- I) Contratación de mulleres desempregadas inscritas na oficina de emprego que sexan contratadas nos 24 meses seguintes á data do parto: 100 por 100 durante os 12 meses seguintes ó inicio da vixencia do contrato.

Décima: Ó presente contrato aplicaráselle a Disposición Adicional Primeira da Lei 12/2001, de 9 de xullo: SI NON

No caso afirmativo, e se o empregador reúne os requisitos e non se atopa nalgunha das causas de exclusión da citada Disposición, sinala o colectivo ó que pertence o traballador (16):

- Mozos dende 16 ata 30 anos de idade, ambos inclusive.
- Mulleres desempregadas cando se contraten para prestar servizos en profesións ou ocupacións con menor índice de emprego feminino.
- Maiores de 45 anos de idade.
- Desempregados que leven, alomenos, seis meses inscritos como demandantes de emprego.
- Minusválidos.

Undécima: No suposto de responder afirmativamente á anterior cláusula, cando o contrato se extinga por causas obxectivas e a extinción sexa declarada improcedente, a contía da indemnización á que se refire o artigo 53.5 do Estatuto dos Traballadores, na súa remisión ós efectos do despedido disciplinario previstos no artigo 56 do mesmo texto legal, será de 33 días de salario por ano de servizo, prorrateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano e ata un máximo de 24 mensualidades.

Duodécima: O presente contrato regularase polo disposto na lexislación vixente que resulta de aplicación, particularmente polo artigo 15.8 do Estatuto dos traballadores, Lei 12/2001, de 9 de xullo (B.O.E. do 10 de xullo) e no artigo 47 da Lei 53/2002, de 30 de decembro (B.O.E. do 31 de decembro). Así mesmo aplicaráselle o disposto no Convenio Colectivo de

Décimoterceira: O contido do presente contrato comunicaráse ó Servizo Público de Emprego de no prazo dos 10 días seguintes á súa concertación.

Décimocuarta: Ámbalas partes comprométese a comunica-lo remate da relación laboral ós Servizos Públicos de Emprego cando este se produza, de conformidade co establecido no artigo 42.3 da Lei 51/1980, de 8 de outubro, Básica de Emprego.

CLÁUSULAS ADICIONAIS

E, para que conste, esténdese este contrato por triplicado exemplar no lugar e data a continuación indicados, asinando as partes interesadas.

En a de de 20.....

O/a traballador/a

O/a representante
da Empresa

O/a representante legal
do/da menor se procede

- (1) Director/a, Xerente, etc.
- (2) Pai, nai, titor/a ou persoa ou institución que o/a teña ó seu cargo.
- (3) Indica-la profesión.
- (4) Sinala-lo grupo profesional e a categoría ou nivel profesional que corresponda, segundo o sistema de clasificación profesional vixente na empresa.
- (5) Indica-la actividade a desenvolver polo traballador.
- (6) Indica-la actividade fixa discontinua ou de temporada da empresa e a súa duración.
- (7) Indica-la duración da actividade a desenvolver polo traballador.
- (8) Diarias, semanais, mensuais ou anuais.
- (9) Marque cun X onde corresponda.
- (10) Indique o número de horas que corresponde á xornada a tempo completo, só en caso de solicitar subvencións establecidas na O.M. do 15-07-99 (B.O.E. do 31 de xullo).
- (11) Respectando o establecido no artigo 14.1 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo (B.O.E. do 29 de marzo).
- (12) Diarios, semanais, mensuais ou anuais.
- (13) Salario base e complementos salariais.
- (14) Mínimo: 30 días naturais.
- (15) Igualmente poderán bonificarse as cooperativas ou sociedades laborais que incorporen desempregados como socios traballadores ou de traballo e sempre que a entidade optase por un réxime de Seguridade Social propio de traballadores por conta allea.
- (16) Poña un X na casilla que corresponda.